

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA
MATEMÁTICA DE GALICIA EN MATERIA ANTIFRAUDE RELATIVA Á XESTIÓN DOS
FONDOS FEDER**

A aceptación das axudas cofinanciadas por FEDER supón, por parte dos beneficiarios, a aceptación da obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión (artigo 125.4. c do Regulamento de disposicións comúns (1303/2013UE)); así como a de transmitir unha mensaxe de tolerancia cero en calquera intento de fraude ou irregularidade.

Asemade, a nova Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017 do 8 de novembro, establece como un dos principios polos que se rexe o de integridade. Tamén é un dos seus obxectivos a eficiente utilización dos fondos mediante a esixencia da definición previa das necesidades para satisfacer.

O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, como toda institución que xestiona diñeiro público e acepta as subvencións, ten a obriga de comprometerse cunha xestión de calidade e establecer estratexias de detección de fraudes e posibles irregularidades na xestión dos recursos que se obteñen para a investigación que proveñan de diferentes fontes de financiamento; así como á aplicación da nova normativa en materia de contratación.

Doutra banda, os empregados públicos que integran o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, teñen entre outros deberes, *“velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar conforme os seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental, e respecto á igualdade entre mulleres e homes”* (artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público).

Por iso, o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e a corrupción en calquera das súas formas.

Con este obxecto, debemos ser esixentes nesta materia e ser capaces de detectar as devanditas situacións antes de producirse xa que, como todos sabemos, sería moi custoso reparar os danos causados á reputación da institución se se producisen motivo polo que se estableceu unhas medidas, deseñadas especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corrixir o seu impacto, en caso de producirse. O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, quere deixar constancia, de que calquera cidadán da Unión Europea pode informar á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) daquelas sospeitas de fraude que afecten os intereses financeiros da Unión Europea.

https://ec.europa.eu/anti-fraud/home_es

Ademais, o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) é o órgano dependente da Intervención Xeral do Estado (IGAE) dentro do Ministerio de Facenda e Función Pública (do MINHAFP), encargado de coordinar as accións encamiñadas a protexer os intereses financeiros da Unión Europea contra a fraude en colaboración coa OLAF.

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/inicio.aspx>

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Antonio López Díaz
Presidente do Consello Reitor de CITMAGA